

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 69

ano 11

marzo-abril 2017

AS GUERRAS CARLISTAS EN GALICIA

Dende 1833 Galicia ve como se instalan no seu rural partidas **carlistas**. Así os concellos deben responder aos requirimentos do exército para afrontar a guerra de **guerrillas** emprendida por estes entre 1833 e 1840. Os máis comúns eran aloxar en casas de veciños a soldados, proporcionar racións e transportar efectos militares a onde se lles mandase. Estas **contribucións** ao esforzo de guerra eran malamente retribuídas, e ademais os comandantes locais podían engadir cantidades en metálico se así o consideraban necesario.


A súa repartición facíase entre os partidos xudiciais, división intermedia entre concello e provincia. No AHPOu consta un documento de repartición de **bagaxes** entre concellos da **Baixa Limia** en 1839. Acoden ao acto os representantes dos consistorios de Bande, Lobeira, Entrimo, Lobios, Muíños e Vereá. Efectúase baixo a presidencia do alcalde do primeiro, o cal lle expide un certificado a cada representante. A distribución segue, segundo o certificado expedido ao concello de Lobeira, a **Contribución de Utensilios**. Esa contribución de utensilios era un tributo creado para satisfacer os gastos de aloxamento da tropa, o cal motiva que se tome como referencia para os demais gastos militares.

O paso dos carlistas pola comarca do Leboreiro e do Xures será constante, sendo a partida máis activa na zona a de Mateu Guillade. Este caudillo, tras tomar Tui en 1838, creara un estado de alarma por medo ás súas incursións que motivara a proclamación do estado de guerra en toda a fronteira.

Debido a esta actividade militar non é rara a presenza de tropas na comarca neses anos, coma o batallón provincial de Monterrei. O **concello de Lobeira** estaría obrigado a entregarlle racións, xa que consta nos fondos do concello a existencia dun recibo do pagamento destas pola Deputación de Ourense. Segundo este documento o pago apenas compensa un quinto dos gastos, o cal da unha idea do esforzo que supuña para a poboación local o sostemento das operacións militares. Se á presión exercida polo exército liberal se suma a das partidas carlistas podemos entender o porqué do impopular desta guerra.

Paralelamente a guerra de represalias que se desata

levará o terror ás aldeas galegas, deixando un amargo recordo na memoria popular. A acción dos **destacamentos antiguerrilleiros** verase combinada cara 1839 coa propaganda dos escasos cregos liberais. Esta dobre presión, táctica e moral, irá minando pouco a pouco o bando lexitimista, ata que o Convenio de Vergara acadado entre os xenerais Maroto e Espartero poña fin definitivo ao conflito



1839, marzo, 10. Bande.
Certificado do alcalde de Bande sobre o reparto de bagaxes entre os concellos do partido xudicial homónimo
Manuscrito, castelán; 31x21,6 cm
AHPOu, Concello de Lobeira, C. 529/2

